

A GRANDE ENFERMIDADE DO AMOR

[Michael Showalter, 2017]

302

ESTREA EN NUMAX: 03.11.2017 | V.O.S.E. | TP

The Big Sick (2017, 119')

Dirección: Michael Showalter

Guión: Emily V. Gordon, Kumail Nanjiani

Elenco: Kumail Nanjiani, Zoe Kazan, Holly Hunter, Ray Romano, Linda Emond, Vella Lovell, Bo Burnham, Aidy Bryant

Son: Charles R. Hunt

Montaxe: Robert Nassau

Fotografía: Brian Burgoyne

Vestuario: Sarah Mae Burton

Música: Michael Andrews

Produtoras: FilmNation Entertainment, Story Ink (Estados Unidos)

Distribuidora: Caramel Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Hello, My Name is Doris, 2015

The Baxter, 2005

PREMIOS E FESTIVAIS

Locarno 2017 (premio do público),

Nantucket 2017 (premio do público),

SXSW (premio do público)

SINOPSE

A grande enfermidade do amor conta a historia real de Kumail e Emily, unha parella que se coñece nun espectáculo de comedia. Cando parecía que todo ía quedar nun encontro dunha noite, a súa relación empeza a avanzar a pesar das diferenzas culturais, complicando as vidas de todos polas expectativas que tiñan os pais de Kumail, musulmáns estritos.

«A mellor comedia romántica en anos»

Brian Tallerico, ROGEREBERT.COM



A GRANDE ENFERMIDADE DO AMOR

[Michael Showalter, 2017]

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

“O punto de vista da cámara no meu cinema é moi humano”

Entrevista con Michael Showalter
Por Justin Stewart

Kumail Nanjiani participou no teu anterior filme e nun programa de televisión contigo. Foi sempre a túa primeira opción? Non sei se foi a primeira opción ou non. Son amigo de Kumail e Emily [V. Gordon], lin o guión, encantoume e ao día seguinte pregunteille a Kumail se xa tiña director. Non tiña e daquela díxenlle que me indicase o que tiña que facer para convencelo de que eu era a persoa axeitada. Estivemos a traballar no guión xuntos como un ano antes de comezar a gravar.

Tense falado das túas decisións activas sobre o filme, como a aplicación de diferentes paletas de cor e movementos de cámara en función dos personaxes. O teu desexo era que os elementos de direccións destacasen sobre o guión? Coido que a miña maneira de dirixir implica unha certa estética. Pode que a primeira vista semelle naturalista, mais dalgunha maneira sinto que se dirixiu da maneira que pedía o guión. En ningún caso renunciei a engadir material rechamante para non interferir, senón que sentía que era así como tiña que sentirse o filme. Canto ás influencias do filme sinalaría a Woody Allen e Richard Curtis, ou mesmo a Alexander Payne e Jason Reitman.

Creo que estes cineastas parten dunha aproximación estética naturalista na que non buscan necesariamente que o público tome consciencia da cámara, pero no que ao mesmo tempo procuran xerar un ton e unha estética agradábel ao ollo. Coido que o punto de vista aseméllase ao do teatro, coa cámara situada no lugar no que se situaría un espectador. O punto de vista da cámara é, por tanto, moi humano.

Non é un unha ollada divina ou desde arriba. Exactamente.

Cal é a túa apertura a colaboracións ou suxestións alleas mentres filmas?

Moita, especialmente en filmes coma este, no que traballei con Kumail e Emily, guionistas, produtores e no caso de Kumail, protagonista ficcional e real da historia. E logo están os produtores que achegan a súa enorme sabedoría, experiencia, creatividade e perspectiva. En moitos casos o meu papel foi o de facilitador, asegurarme que de que todo o mundo sentía que era escoitado.

Cal foi a implicación dos produtores do filme, Judd Apatow e Barry Mendel?

Estaban no set de rodaxe? Barry viña á rodaxe cada día e Judd de cando en vez, sobre todo ao comezo e tamén cara ao remate, na lectura do guión e na posproducción, para termos un feedback experto e implicado. Eu encargueime de ir canalizando todas estas achegas.

Sei que comezaches a filmar como afeccionado ás comedias románticas, mais nalgúns dos teus traballos previos, como director ou coguionista, semella que quixeches deconstruír,

poñer en cuestión ou parodiar certos aspectos da comedia. Coido que o meu anterior filme, *Hello, My Name Is Doris* (2015) foi un gran salto ao pasar da comedia pura e dura a outra caste de filme no que comedia e drama están interrelacionados e tratados con sinceridade e seriedade. Dá sempre algo de medo saír da túa zona de confort, mais logo de facer *Doris* e traballar con Sally Field collín máis confianza para traballar así n’A grande enfermidade do amor.

Sei que a cuestión dos xéneros non é moi relevante, mais eras consciente de que, alén doutras consideracións, estabas a facer unha comedia romántica?

De non afastar moito o filme da comedia cara a terreos máis escuros suxeridos polo filme? Si, definitivamente. Finalmente é unha comedia. Non tería sentido perder a noción de que o filme precisa ser divertido. Gustárame que a xente ao saír do cinema pense: «Era unha comedia. Tiña momento intensos e escenas dramáticas mais na súa esencia era unha comedia»

Cal foi o teu papel no proceso de montaxe? Houbo unha chea de escenas divertidas que tivemos que cortar por unha razón ou outra. Mais o primeiro corte pareceuse moito ao filme final. Estivemos durante meses afinando cousas, movendo elementos que podían ampliar a historia pero o ADN do filme permaneceu intacto nos procesos de guión, rodaxe e edición.

Publicado en <http://filmmakermagazine.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por **4,5€**

**Faite
NUMAX!**